


Actividade interactiva - Relacionar frases/imaxes

www.webardora.net

Actividade que poderemos configurar para relacionar dous textos, un texto cunha imaxe ou unha imaxe con outra imaxe:



Na pestana "*Actividade*" temos:

Frases	Imaxes	Frases	Imaxes
LANZAROTE	C:\Ardora7\Temp\relevoin10_relaci	Penas do Chache	
PORTEVENTURA	C:\Ardora7\Temp\relevoin10_relaci	Xandia	
GRAN CANARIA	C:\Ardora7\Temp\relevoin10_relaci	Pico das Neves	
TENERIFE	C:\Ardora7\Temp\relevoin10_relaci	Teide	
FORRO	C:\Ardora7\Temp\relevoin10_relaci	Malpaso	
AGUFERRA	C:\Ardora7\Temp\relevoin10_relaci	Alto de Garaxonai	
A PALMA	C:\Ardora7\Temp\relevoin10_relaci	Roque dos Muchachos	

ZONA 1

Para empezar faremos dobre clic na táboa e abrírase a ventá de introdución de datos:

Os elementos a relacionar introducíranse nos campos homólogos das partes esquerda e dereita respectivamente. Para relacionar dous textos, escribiríanse ou copiarían nos campos (1), para relacionar dúas imaxes inseriríanse usando os botóns das carpetas amarelas (2) e para relacionar texto con imaxe (como é o caso do exemplo da ventá anterior) introduciríase un texto nun dos campos e a imaxe coa carpeta amarela do campo oposto (a dereita ou esquerda dependendo do campo onde se introducira o texto). Para eliminar unha imaxe previamente introducida usaremos o botón vermello (3).

Como se pode observar na primeira imaxe deste manual, as imaxes poden ir acompañadas de palabras ou mesmo pequenos textos. Para iso teríamos que introducilos nos campos de texto que están sobre os campos que presentan a ruta das imaxes, tal e como pode observarse na imaxe da páxina anterior.

Unha vez introducidos todos os elementos, aceptamos co botón verde da parte inferior dereita. Ao volver á pantalla de edición principal, sempre poderemos eliminar algún deles simplemente facendo

clic na fila correspondente da táboa e usando o botón vermello da parte dereita:

1 Faga dobre clic para introducir datos

Frases	Imaxes	Frases	Imaxes
LANZAROTE	C:\Ardora7\Temp\relevo10_relaci	Penas do Chache	
FORTEVENTURA	C:\Ardora7\Temp\relevo10_relaci	Xandia	
GRAN CANARIA	C:\Ardora7\Temp\relevo10_relaci	Pico das Neves	
TENERIFE	C:\Ardora7\Temp\relevo10_relaci	Teide	
FERRO	C:\Ardora7\Temp\relevo10_relaci	Malpaso	
A GOMERA	C:\Ardora7\Temp\relevo10_relaci	Alto de Garaxonai	
A PALMA	C:\Ardora7\Temp\relevo10_relaci	Roque dos Muchachos	

ZONA 2

No recadro da esquerda poderemos especificar o ancho e o alto das imaxes, por suposto só no caso en que as incluíramos na actividade (1). No campo "alto" (2) indicaremos a altura do recadro que contén a actividade; ou sexa da área de traballo. O

campo "Ancho área de texto" (3) determinará o ancho dos recadros que conteñan só texto, no caso de que existan, por o que ao aumentar ou diminuír este parámetro aumentará ou diminuirá o ancho da área de traballo da actividade ao ter que conter recadros máis ou menos anchos.

Na parte central temos os seguintes controis:

Como noutras actividades, son para facer que os recadros teñan ou non as esquinas redondeadas (1) para indicar o tipo de recheo que terán as frechas (2) (sólido, degradado de arriba a abaixo ou degradado

dos bordos cara ao centro), para indicar tipo (3) e tamaño (4) de fonte e finalmente as xa coñecidas casas de verificación para facer compatible a actividade con dispositivos de pantalla táctil (5) e para crear unha sombra na parte interior dos recadros que conteñen as imaxes e/ou os textos, lados superior e esquerdo (6).